



# ***A SOCIEDADE PRECISA DUNHA ESCOLA PLURILINGÜE***

■ **UCEV**  
Unió de  
Cooperatives  
d'Ensenyament  
Valencianes

**A** escola debe responder ás necesidades e esixencias que a contorna social e económica crea en cada lugar e cada momento, pero debe facelo dun xeito coherente coa cultura e as tradicións que forman as raíces da súa comunidade educativa. Non tería sentido ningún apostar por un modelo educativo alleo á nosa idiosincrasia, á nosa riqueza lingüística, ás nosas manifestacións culturais máis representativas... A maneira de ensinar para o futuro debe facer servir todo o que nos fixo ser como somos no presente, tratando de camiñar cara a excelencia que a nosa sociedade actual nos demanda.

Hoxe o desenvolvemento acelerado desta sociedade globalizada onde convivimos fai totalmente imprescindible a aprendizaxe de linguas. E neste contexto, os valencianos debemos ver o noso acceso natural ao bilingüismo como unha grande oportunidade. O alumnado que estuda en valenciano domina dúas linguas e ten máis base e predisposición para aprender outras novas.

Esta declaración é a reflexión das cooperativas de ensino integradas na UCEV sobre o plurilingüismo. Evoca as súas inquedanzas e propostas, as súas experiencias e conviccións.



declaración  
EDUCATIVA

**A** primeira declaración das cooperativas valenciás de ensino apostaba por unha escola inclusiva e definía o seu concepto. Por iso, esta segunda declaración expón a necesidade de construír unha **escola plurilingüe**.

Nunha sociedade complexa a escola debe formar persoas cos recursos necesarios para desenvolverse plenamente, para comprender mellor a realidade, para interactuar con ela activamente e para xestionar con éxito as relacións. Queremos comprender que pasa no mundo, queremos encher de significado os acontecementos e axudar a artellar as nosas respostas e actos máis acertadamente; queremos axudar a cada alumno a ser máis consciente, máis crítico e máis capaz. Neste senso, a lingua é primordial na medida en que describe o mundo e fornéceo de significado. Aprender ben unha



lingua é, polo tanto, dunha importancia capital no proceso de formación e de crecemento.

O desenvolvemento acelerado da comunicación nunha sociedade mundializada –un dos aspectos centrais das transformacións da primeira década



do século XXI–, fai totalmente imprescindible a aprendizaxe de linguas para facer uso delas con competencia. Non, simplemente, a da primeira lingua e dunha segunda lingua, senón, tamén, a dunha terceira e dunha cuarta...






Nunha sociedade moderna a competencia defínese, cada día máis, pola capacidade de pór os propios coñecementos, por complexos que sexan, ao servizo da innovación, da equidade e do progreso. Saber vivir as influencias multiculturais diversas e defender a propia identidade son un só obxectivo co que nos xogamos a capacidade de ser e de medrar. Na educación, os modelos de dominio lingüístico –dunhas linguas en detrimento doutras–, polas razóns que sexan: de utilidade, de poder económico, político, cultural..., deben rexeitarse decididamente.

A riqueza lingüística é un risco esencial das sociedades modernas, que se esforzan por construírse sobre o respecto ao outro. Polo tanto, unha escola plurilingüe é a que mellor pode ofrecer unha capacidade comunicativa básica aos nenos e nenas que se propón formar. Non perdemos de vista que cada lingua é unha visión particular da realidade e que, cantas máis linguas sabemos, con máis utilidade podemos avaliar puntos de vista diferentes, e máis sensibles nos facemos á empatía, ao intercambio e á convivencia.

**Como se debe abordar a aprendizaxe de linguas nunha sociedade plurilingüe:**

# 1

Nunha sociedade plurilingüe os individuos interrelaciónanse falando linguas diversas con fluidez. A escola plurilingüe ofrece máis posibilidades de desenvolvemento persoal e cultural a todos os que a integran, docentes e alumnado.



# 2

O marco europeo en materia de linguas é o referente da competencia lingüística adquirida e permite un seguimento xeral, e esmerado, da aprendizaxe das linguas. Asegura, igualmente, a equivalencia entre os títulos oficiais de universidades e academias, o que facilita, do mesmo xeito, a mobilidade dos cidadáns.



**3** Hai que abordar o ensino-aprendizaxe baixo unha óptica renovada. As linguas non se aprenden illadamente, senón interrelacionadamente. De feito, o coñecemento dunha lingua favorece a aprendizaxe das outras e potencia a competencia comunicativa. Polo tanto, a aprendizaxe das linguas debe fundamentarse na comunicación e no fomento das habilidades lingüísticas básicas: escoitar, falar, ler e escribir.

**4** O alumnado que estuda en valenciano (PIL e PEV) domina dúas linguas, ten máis base e predisposición para aprender outras novas e, como demostran os estudos, obtén mellores resultados en competencias lingüísticas ao final de primaria e secundaria respecto do alumnado monolingüe. É por iso que defendemos unha escola na que o valenciano sexa lingua vehicular do ensino e unha competencia básica, co apoio da contorna.

**5** Para conseguir que os alumnos desenvolvan por completo a súa aptitude comunicativa, hai que aproveitar a grande capacidade do cerebro infantil para aprender linguas.



# 6

As escolas deben ter a autonomía necesaria para poder adoptar metodoloxías axeitadas á aprendizaxe das linguas. Metodoloxías que superen as barreiras entre materias e faciliten o uso multilingüe.

eficazmente a competencia comunicativa lingüística. Iso esixe, inexcusablemente, equipos docentes estables, cohesionados e coordinados para levar adiante os programas necesarios.




# 7

A implantación de plans plurilingües require unha boa predisposición de mestres e o estímulo dos equipos directivos, responsables como son de estimular e acrecentar axeitada e

# 8

Unha escola plurilingüe debe planificar con recursos de abondo o tratamento das linguas en todas as etapas. As novas tecnoloxías, a interacción dos falantes, as situacións

reais de aprendizaxe e de comunicación, o exercicio do requisito lingüístico, mestres nativos, axudantes lingüísticos, intercambios e formación



continúa..., deben confluír no itinerario da aprendizaxe escolar e deben contextualizar apropiadamente as situacións de comunicación.

Un grande rigor é indispensable á hora de falar da educación plurilingüe. Por iso a escola cooperativa debe partir de tres principios:

- 1 A escola debe **fomentar entre o alumnado unha actitude xeral de estima e de respecto polas linguas**; debe saber inculcar que cada lingua, á marxe do número de falantes activos que poida ter, é, ao mesmo tempo, unha fonte e un pozo de coñecementos, de valores, de tradicións.
- 2 A mellor maneira de conseguir que o alumnado desenvolva a capacidade comunicativa é **aproveitar a riqueza lingüística da nosa contorna**: facer escola en valenciano e empezar oportunamente a aprendizaxe de máis linguas.
- 3 A implantación de **plans plurilingües** debe basearse no **apoio** dos equipos directivos e docentes, no esforzo que a sociedade plurilingüe demanda, e debe contar con **recursos axeitados**.



Publicación realizada por:

**UCEV**  
Unió de Cooperatives  
d'Ensenyament Valencianes

C/ Arquebisbe Majoral, 11  
46002 València  
Tel: 96 352 13 86  
Fax: 96 351 12 68  
E-mail: p.albors@fevecta.coop  
Web: www.ucev.coop

Traducción:  
UNIÓN COOP. DE ENSEÑANZA DE  
T.A. DE GALICIA -U.C.E.T.A.G.-

Ilustracions:  
Miguel Calatayud

Diseño Gráfico:  
Pablo Mestre & Associats, Coop.V.

D.L.: V-1.205-2011  
1ª Edición: 03 / 2011  
© UCEV: 2011

Colaboran na edición:

 **GENERALITAT VALENCIANA**  
CONSELLERIA D'ECONOMIA, HISENDA I OCUPACIÓ

FEDERACIÓ VALENCIANA  
**FEVECTA**  
D'EMPRESES COOPERATIVES  
DE TREBALL  
ASSOCIAT

 **caixa  
popular**

Títols publicats:

**declaració EDUCATIVA 1** LA SOCIETAT ACTUAL  
NECESSITA UNA ESCOLA  
INCLUSIVA



22 x 12 cms.  
48 pàgines

Valencià / Castellano

1ª Edición:  
11 / 2009

Il·lustracions:  
LaGRUAestudio

**declaració EDUCATIVA 2** LA SOCIETAT  
NECESSITA UNA ESCOLA  
PLURLINGÜE




22 x 12 cms.  
48 pàgines

Valencià / Castellano

1ª Edición:  
03 / 2011

Il·lustracions:  
Miguel Calatayud



[www.UCEV.COOP](http://www.UCEV.COOP)